

## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 24 DE MAIO DE 2021

Ás 10:05 horas do día 24 de maio de 2021, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 19 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Patricia Rodríguez Calviño

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno  
D<sup>a</sup>. Ruth María Gallego Santos, vogal suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na praza Feira" (706-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.
  2. AVAN INTEGRAL, S.L.
  3. CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.
  4. MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.
  5. ROCAS GRANITICAS DEL CONDADO, S.L.



#### 4.- Apertura da documentación técnica

##### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Construción de beirarrúas na praza Feira" (706-441)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

#### 5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

##### a) Procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur" (666-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entréganse os informes asinados polo xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais e o xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 18 e 19 de maio de 2021 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos lotes 1, 2 e 3 que son aceptados por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

#### 6.- Apertura económica

##### a) Procedemento aberto para a contratación das obras dos proxectos de "Mellora dos firmes en viais do rural. Fase II lote 1 Vigo Norte, lote 2 Vigo Leste e lote 3 Vigo Sur" (666-441)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo		
		Lote 1	Lote 2	Lote 3
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	327.613,50 €	303.712,37 €	146.464,04 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	343.515,01 €	324.145,52 €	174.690,98 €
3	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	342.454,90 €	320.655,01 €	152.087,37 €
4	NAROM. S.L.	328.928,02 €	301.594,55 €	143.817,76 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 04:29	Páxina 2 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AF43-54D634-BCDFA1-WLXCU9-X6Z8UF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Asiste á apertura D<sup>a</sup>. Rebeca Platero López de Turiso, con DNI número **\*\*.\*88.75\***, en representación da Federación Galega da Construción.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

### 11.- Propostas de adxudicación

#### a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Reparación de danos na estrutura, adaptación contraincendios e accesibilidade no edificio do Parque Central – Lavadores" (639-441)

Pregúntase aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores clasificados neste procedemento. Ningún membro da Mesa ten conflito de intereses con eles.

A continuación infórmase que con data do 26 de abril de 2021 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCTORA E INGENIERIA MESSI, S.L. a resolución de clasificación e o requirimento da documentación esixida no artigo 150.2 da LCSP.

Dentro do prazo concedido, o 7 de maio de 2021, o licitador presentou documentación. Logo da súa cualificación a Mesa acordou, por unanimidade, concederlle un prazo de tres días para que puidese emendar a acreditación da solvencia, tanto técnica como económica. O citado acordo foi notificado ao licitador con data do 18 de maio de 2021.

Dentro do prazo concedido o licitador no presentou documentación ningunha, polo que de acordo co previsto no artigo 150.2 da LCSP, enténdese retirada a oferta e procede solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e da clasificación aprobada por resolución do 23 de abril de 2021, por unanimidade dos asistentes, acorda que se proceda a requirir ao licitador clasificado en segundo lugar, ZONA DE OBRA O ROSAL, S.L. (B-94.106.663), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 29/04/2024 04:29	Páxina 3 de 3
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AF43-54D634-BCDFA1-WLXCU9-X6Z8UF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		